

RESUME DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA DO 6 DE MARZO DE 2009.

1.- Aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello do día 6 de febreiro de 2009.

Aprobouse por asentimento unánime a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello do día 6 de febreiro de 2009.

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas desde a data de celebración do último Pleno.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da alcaldía ditados desde a data de celebración do último Pleno.

3.- Parte resolutiva.

3.1 Revisión de oficio do acordo da Comisión Municipal de Goberno de 7 de marzo de 1996 que declara a exención do pagamento da auga potable ao servizo de matadoiro municipal en aplicación de sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo (procedemento nº 380/06) interposto por don Jorge Víctor Gil Carnicer.

O Pleno do Concello, por asentimento unánime, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Desestimar a solicitude de revisión de oficio do acordo da Comisión Municipal de Goberno de 7 de marzo de 1996 que declara a exención do pago da auga potable ao servizo de matadoiro municipal, instada por D. Jorge Víctor Gil Carnicer, en base ao exposto no ditame do Consello Consultivo de Galicia de 20 de xaneiro de 2009 e no informe xurídico de 12 de febreiro de 200, dos que se dará traslado aos interesados a efectos de motivación.

3.2 Informe anual xestión Comisión Suxestións e Reclamacións.

A Comisión de Pleno dáse por enterada do acordo da Comisión de Suxestións e Reclamacións que literalmente di:

De conformidade co disposto no artigo 54 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e organización do pleno e a comisión especial de suxestións e reclamacións, a comisión dáse por enterada do informe elaborado polo negociado de Participación Cidadá correspondente a 2008 e acorda darlle traslado ao Pleno do Concello, segundo dispón o artigo 54.4 do Regulamento sinalado.

O Concello Pleno deuse por enterado.

3.3. Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de benestar social.

O Pleno do Concello, por unanimidade, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a supresión da disposición transitoria a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de benestar social e a modificación do apartado 1 do seu artigo 3º, relativo ás tarifas pola prestación do servizo de axuda a domicilio, que quedará redactado da seguinte forma:

“3.1. Servizo de axuda a domicilio.

3.1.1. Pola prestación deste servizo os usuarios deberán satisfacer unha tarifa por hora consistente nunha porcentaxe do custo do servizo por hora establecido na adxudicación do contrato para a prestación do servizo, coas súas revisións anuais e modificacións, en función da capacidade económica das persoas usuarias do servizo calculada nos termos previstos no apartado 3.1.2, conforme á táboa seguinte:

Capacidade económica das persoas usuarias	Tarifa/hora
Inferior ao 100 % do IPREM	0 % do custo
De máis do 100 % ao 150 % do IPREM	10 % do custo
De máis do 150 % ao 200 % do IPREM	12 % do custo
De máis do 200 % ao 250 % do IPREM	14 % do custo
De máis do 250 % ao 300 % do IPREM	16 % do custo
De máis do 300 % ao 350 % do IPREM	25 % do custo
De máis do 350 % ao 400 % do IPREM	30 % do custo
De máis do 400 % ao 450 % do IPREM	40 % do custo
De máis do 450 % ao 500 % do IPREM	50 % do custo
De máis do 500 % ao 600 % do IPREM	63 % do custo
Superior ao 600 % do IPREM	65 % do custo

3.1.2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda a domicilio se calculará en atención a súa renda e, no seu caso, ao seu patrimonio, téndose en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co seguinte:

- a. A renda se valorará atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
- b. Para o cómputo do patrimonio se estará ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas

e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Se consideran exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o tributo do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

- c. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos membros da parella.
- d. A capacidade económica por razón de renda se determinará dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, no seu caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
- e. Para o cómputo da renda ou do patrimonio se terán en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

3.1.3. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, nos casos nos que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, poderá excepcionarse o cobro de tarifa algunha mediante resolución motivada da Concellería delegada de Servizos Sociais, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.”

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o presente acordo de aprobación inicial de modificación desta ordenanza, así como o texto de dita modificación, se someterá a información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante inserción de anuncio no taboleiro de anuncios deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- No caso de non presentarse reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 49.c) do mesmo texto legal, durante o período de exposición pública, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cuarto.- O acordo definitivo de modificación da ordenanza e o texto íntegro de dita modificación haberá de publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e entrará en vigor e producirá efectos unha vez transcorra o prazo disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

3.4 Aprobación inicial do proxecto de orzamento xeral do Concello para o exercicio 2009 (integrado polo do Concello e do Consello Municipal de Deportes), bases de execución e anexos de persoal.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Partido Popular e catorce votos en contra dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, rexeitou a seguinte emenda:

Emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular aos orzamentos para o ano 2009:

D. Enrique Nóvoa López, provisto de DNI: 34902271-R, en nome e representación do grupo municipal do Partido Popular,

EXPÓN

Que aprobado o proxecto de orzamento xeral deste Concello para o próximo exercicio 2009 pola Xunta de goberno Local en sesión mantida o 19 de febreiro de 2009 foi remitido, de conformidade co disposto no artigo 94 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do pleno e de Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, á Comisión de Pleno que, en sesión de 20 de febreiro de 2009, acordou a apertura dun prazo de dez días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais.

Dentro deste prazo, o grupo municipal popular, polos motivos que se expón a continuación, propón efectuar no proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local a seguinte EMENDA:

Retirar o proxecto de orzamento xeral deste Concello para un mellor estudo por:

1.- Os créditos consignados non semellan suficientemente garantidos, non estando nalgún caso coma nas previsións de mellora de ingresos en executiva (anexo II) respaldada polo informe de ningún técnico, nin por datos históricos dos servizos de recadación. Asemade, calcúlanse as previsións de ingresos de impostos, como o IBI e o IVTM, sobre o liquidado en vez de sobre o recadado a pesar de que non se cumpriron as previsións do exercicio anterior e a recadación en voluntaria caeu no ano 2008 e o máis probable e que siga caendo. O mesmo ocorre co Imposto sobre construcións, instalacións e obras, Plusvalías e coa taxa por licenzas urbanísticas. Presupóstanse incrementos do 15% de media en impostos como o IRPF, IAE, etc. imposibles de alcanzar co actual desplome da economía.

2. Plantéxase unha operación crediticia con destino ao financiamento de investimentos, por importe de 3.458.945,00 € sen a correspondente autorización administrativa do órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia.

3. Os ingresos, por un importe de 5.144.580.00 € que integran o Patrimonio municipal do solo, non se dedican nun 50% a vivenda de protección pública como indica a normativa autonómica, e se dedica en case un 90% ao plan de investimentos do presente presuposto o que o fai irrealizable en case o 50% do mesmo, despois dos pobres resultados do ano 2008.

4. Inclúese no anexo de investimentos 976.541.00 € para a execución do proxecto de E.O “A Impresa” onde 663.182,00 € corresponden a gastos de persoal, becas e gasto corrente mudando o criterio contable aplicado as E Obradoiro do Concello.

5. A utilización de denominacións xenéricas, agudizouse máis con respecto ao ano anterior, impedindo a comprobación axeitada do presuposto e o establecemento de alternativas por parte da oposición a través de emendas.

6. Con respecto ao anexo de persoal, non se negociaron na mesa de negociación todos os postos incluídos na RPT, as actas aparecen sen firmar, se crean novas prazas sen xustificar a súa necesidade, a masa salarial crece cerca dun 10% incumpríndose, por un simple exercicio de lóxica, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado en materia de reposición de efectivos.

7. A intervención municipal fai unha advertencia de ilegalidade no apartado de conclusións do seu informe preceptivo.

8. Xa o propio alcalde recoñece que estes orzamentos están inconclusos cando anuncia na súa memoria da alcaldía a necesidade dunha modificación orzamentaria incluso antes de seren aprobados.

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG e trece votos en contra do Partido Popular, adoptou o seguinte ACORDO:

Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o ano 2009 (integrado polo do Concello e o do Consello Municipal de Deportes), bases de execución e anexo de persoal, co seguinte resume por capítulos:

A) ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Concello	Consello M. de deportes
1. Gastos de persoal	35.131.480,00	1.967.238,00
2. Compra de bens correntes e servizos	44.761.309,00	924.096,00
3. Gastos financeiros	1.800.852,00	504,00
4. Transferencias correntes	5.226.844,00	1.183.846,00
Total operacións correntes	86.920.485,00	4.075.684,00
6. Inversións reais	9.042.052,00	10.000,00
7. Transferencias de capital	1.188.700,00	0,00
8. Activos financeiros	600.000,00	50.179,00
9. Pasivos financeiros	3.458.945,00	0,00
Total operacións de capital	14.289.697,00	60.179,00
Total estado de gastos.....	101.210.182,00	4.135.863,00

B) ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Concello	Consello M. de deportes
1. Impostos directos	37.904.211,00	
2. Impostos indirectos	3.536.420,00	
3. Taxas e outros ingresos	23.033.012,00	677.298,00
4. Transferencias correntes	25.096.747,00	3.374.274,00
5. Ingresos patrimoniais	833.440,00	34.112,00
Total ingresos operacións correntes	90.403.830,00	4.085.684,00
6. Alleamento inversións reais	5.144.580,00	
7. Transferencias de capital	1.602.827,00	
8. Activos financeiros	600.000,00	50.179,00
9. Pasivos financeiros	3.458.945,00	
Total ingresos operacións de capital	10.806.352,00	50.179,00
Total estado de ingresos	101.210.182,00	4.135.863,00

Aprobado inicialmente o orzamento xeral exporase ao público polo prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento dos artigos 177 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 02/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentasen reclamacións.

Por asentimento unánime apróbase a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL **8 de Marzo “DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES”**

O 8 de marzo, a conmemoración do Día Internacional das Mulleres, é unha data que as organizacións sociais comprometidas na defensa dos dereitos das mulleres, lembran cada ano para procurar marcar un paso adiante neste camiño.

Tamén está presente nesta data a homenaxe ás 129 mulleres que morreron nunha fábrica téxtil dos Estados Unidos en 1908, cando estaban facendo unha folga, en defensa dos seus dereitos como traballadoras, e o empresario prendeu lume aos locais da fábrica con elas

dentro. Dise que a cor das teas que estaban cosendo era violeta e tamén que o fume que saía da fábrica ardendo era violeta e que se podía ver a quilómetros de distancia.

Este ano veñen á nosa memoria especialmente os dereitos laborais das mulleres. Nestes momentos de crise económica que está vivindo a nosa sociedade, a defensa dos dereitos laborais das mulleres faise imprescindible ante o fracaso das políticas económicas ultraliberais defensoras do mercado libre sen ningún control público, que afectan ao mercado laboral e que ameazan coa redución de postos de traballo que sen dúbida vai incidir de maneira particular sobre o emprego feminino, que adoita ser un emprego marcado pola precariedade e sen a cobertura suficiente ante o desemprego.

Queremos facer un recoñecemento á todas as mulleres e a os homes que veñen defendendo a participación para facer da nosa democracia, unha democracia plena, na que a muller sexa protagonista en igualdade.

A celebración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, preséntase como unha ocasión que nos permite:

- Por un lado, por en valor os logros da sociedade galega en relación á igualdade entre homes e mulleres e proporcionarnos á ocasión de celebrar os avances que temos alcanzados como sociedade que prospera tamén, na equiparación das relacións entre homes e mulleres. Reivindicando a forza da igualdade, e a forza dos dereitos como motor da transformación social á que aspiramos e por outro lado, ten que servir para implicarnos con novos compromisos e tomar consciencia dos retos pendentes.

Somos conscientes, de que a participación activa das mulleres significa mellorar a calidade democrática e representa un enriquecemento das relacións de convivencia e fortalecemento do desenvolvemento económico do noso país.

A presenza das mulleres no ámbito público e privado reclama unha renovación do modelo da convivencia, unha nova organización da sociedade que busque fórmulas para avanzar na eliminación dos obstáculos que as mulleres encontran nos diferentes espazos políticos, económicos e sociais.

Hoxe, no 2009, temos que seguir denunciando a situación de moitas mulleres discriminadas dende o punto de vista laboral, social e político.

Por iso, neste día, 8 de marzo, as mulleres e os homes, que formamos parte do Pleno Municipal do Concello de Ourense, actualizamos os nosos compromisos e as propostas que aínda quedan pendentes no longo camiño que as mulleres están tendo que percorrer para ver recoñecidas a igualdade e os dereitos.

Dende as Administracións Públicas, especialmente dende a Local, por ser a mais próxima ás persoas, temos que potenciar as accións que axuden a avanzar decididamente para que a igualdade das mulleres pase a ser un feito, non unha aspiración.

Por todo o exposto, este Pleno Municipal presenta a seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL para a súa consideración e aprobación:

- O Concello de Ourense, como cidade comprometida e plural, solidarízase con todas as mulleres do mundo que, por razón de conflitos civís ou militares, ven lesionados os seus dereitos, ao tempo que declara o seu apoio ás iniciativas das mulleres que traballan pola liberdade, a democracia e a paz.
- O Concello de Ourense seguirá fomentando todas aquelas actividades dirixidas a eliminar as desigualdades entre mulleres e homes, aumentando a participación das primeiras en todos os procesos de decisión públicos, o seu nivel de ocupación e o equilibrio cos homes, tanto dende o aspecto retributivo como dende a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- O Concello de Ourense reconece a labor das organizacións das mulleres que, ao longo dos anos, veñen traballando de forma continuada pola consecución da igualdade legal e real das mulleres e o pleno exercicio dos seus dereitos políticos, civís, económicos e culturais.
- O Concello de Ourense continuará garantindo, dentro do seu ámbito de actuación, o cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade, impedindo que se produzan discriminacións salariais e/ou profesionais entre homes e mulleres.
- O Concello de Ourense velará por que as políticas de formación e emprego incorporen realmente a perspectiva de xénero en todas as actuacións.
- O Concello de Ourense comprométese a garantir que a publicidade e os medios de comunicación da nosa competencia, non emitan mensaxes discriminatorios e ofensivos contra a dignidade das mulleres.

Por último, o Pleno do Concello de Ourense, neste 8 de marzo, expresa o seu compromiso de por todas as medidas ao seu alcance para facer de Ourense unha cidade na que as mulleres e homes convivan, traballen e participen en pe de igualdade.

En Ourense, a 10 de marzo de 2009

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Asdo.: Luís María Bermúdez de la Puente Villalba